
Xosé María
Díaz Castro
Versos Guitiricenses












"...
NO LOMBO PARDO DO MONTE
CHEA DE LACMA, A GRAIÑA
DOS TOXOS, BRINCA E ESTALA
¡CALA, VIDA!, ¡CALA, VIDA!"

(FOLLAS O'AIRE)

"ADEUS OS MONTES TODOS URIZADOS
ESTRELAS DE OURO VIVO PARA SEMPRE
ADEUS ÁS PEDRAS COMA ROSAS XA;
ADEUS ÁS MAUS
QUENTIÑAS PARA SEMPRE"

(ÑIMBOS "MONUMENTO Á AUSENCIA")

XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO.


A ALDEA ONDE NACEU CHÁMASE, VILARIÑO DOS CREGOS.
AS TERRAS DE FORGA, SON TERRAS DE CANTEIRAS E CANTEIROS
OFICIO DE EUSTAQUIO CASTRO DE MANCHAS PADRIÑO DE XOSE MARÍA
AÍNDA NENO PASABA DÍAS NO OBRADOIRO DO ARTISTA VENDO COMO ESCULPÍA CRUCEIROS COMA O DE SAA, O DE TOXIÑO DE LABRADA, TAMÉN OS DA FIRMEDA EN SAN XOÁN DE LAGOSTELLE, E O MAIOR DO CALVARIO DOS VILARES.
NO CRUCEIRO DE RIOTORTO DO BURIZ REZA ESTA INSCRICIÓN.
ESTE CRVCEI/RO LOY/ZO YNA/CIO DE/ CASTRO Y SU MNO FRZ/1871/ APE/DIMENTO DE/ INACIO CASTRO I SU MKIEL SR. O/BISPO/ DE MON/DOÑE/DO A/CONCE/DIDO 40 DIAS"
É UNHA CHAMADA A REZAR AO SEU PÉ COA GRAZA DAS INDULXENCIAS POLO MEDIO.
O SEU PADRIÑO TAMÉN FIXO AS CAVEIRAS DO CEMITERIO VELLO DOS VILARES.




"A TARDE IBA MORRENDO NA MONTAÑA
COMA A-IALMA D'UN XUSTO QUE SE VAI.
XUNT'Ó RIO DOIA-SE UNHA CAÑA
I-A BRISA IBA PASANDO COA ESTRAÑA
CARICIA AGARIMOSA D'UNHA NAI...

¡COMO DORMIA A SEDA AZUL DAS CHARCAS!
LEVANTABAN OS ÁLAMOS TEMBRÓS
OS SEUS BRAZOS DE VELLOS PATRIARCAS
COMO PIDINDO UNHA LIMOSNA A DIOS.

I-EU, PERDIDO NA MÚSICA DOS VENTOS,
SOÑANDO E MEDITANDO IBA SIN FIN,
MENTRAS URDIA EN MÍN OS PENSAMENTOS
A MISTERIOSA MÁN D'UN SERAPHÍN.

DE SÚPETO NAS NÉBRAS DO CAMIÑO,
NUN ÉSTASIS D'ANSÉIO REDENTOR,
LEVANTOU-SE UN CRUCEIRO, ROIDIÑO
POLAS POUTAS DO TEMPO VENCEDOR

¡AMIGOS, TAN GRANDE ÉRA O SEU DELOR
QUE DESTONZADS QUIXÉRA EU SER ESPIÑO
PARA OFRENDÁRLLE, Ó MESMO UNHA FLOR!

CERRÓU A TARDE OS ÓLLOS, FÓI-SE A LUS.
SINTINDO QUE M'ARDIA O CORAZÓN
DIANTE O INMENSO DOLOR DAQUELA CRUS
DESCUBRINME, E REZÉI UNHA ORACIÓN

( FOLLAS VERDES)

XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO.




O SEU PAI TRABALLA DE ESCRIBINTE NA CASA NOVA DE SAN SALVADOR, TAMÉN PRESIDE O SINDICATO CATÓLICO NOS VICARES.
"TERRA ACHADADA"
"EI, O SOL, NIÑO ARDENDO NOS LOUREIROS!
EI LEDIZA DO AGRO CHEO DE HOMES!
NOS MEUS OLLOS DE NENO, LARAS, HOXE
TERRA REBADA..
LÓSTREGOS ENROSCADOS DAS FOUCIÑAS
E VOZES GRANDES COMA A DE MEU PAI!
RUXIR ACESO DAS PAVEAS, HOXE
PRAIAS DO VENTO.
SOBOR DA CAPA DAS ESPIGAS EI!
UN SON DE FRAUTA OU CHAFARIS DE AMEIXAS
MUIÑEIRAS DE ANXOS POLOS TRIGOS, HOXE
SOMBRAS ALLEAS".
XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO.
MEDRA NEL O INTERESE POR TODO O CONTORNO, PERCORRE OS CAMIÑOS, QUERE COÑECER TODA A FLORA E A FAUNA. DENDE PEQUENO AXUDA Á MISA NA CAPELA DO VILARIÑO, E VAI Á ESCOLA AO BURIZ, POLA BEIRA DO RÍO PORTO, DISFRUTANDO DA NATUREZA. ERA MOI COMUNICATIVO E FALABA CON TODAS AS PERSOAS COAS QUE SE ATOPABA.


"A SÚA NAI ERA O SEU REFUXIO CANDO BUSCABA ABRIRSE Á VIDA.
"PRO VEU A NOITE DERRUBANDO TODO!
I EU, SEDENTO DUNHA ÁNCORA OU BAIA,
DINME A BUSCAR TEUS CEN PERDIDOS NOMES PARA TE CHAMAR,
OUH NAI,
OUH INSUA MIÑA!"
MANUEL CORDEIRO, FOI O SEU PRIMEIRO MESTRE "OFICIAL". VIVÍA NA SÚA CASA CANDO SÓ TIÑA 7 ANOS, ANTES DE CONSTRUÍR A ESCOLA DA CONCHADA.
GAÑOU O CONCURSO DE NARRACIÓN PARA CELEBRAR A FAZAÑA DO PLUS ULTRA EN FEBREIRO DE 1926.
TAMÉN LEU UN SAÚDO NA INAUGURACIÓN DA PONTE CANCELA ENTRE OS VILARES E GUITIRIZ.
EN SAN SALVADOR, AGARDABA UN AUTO DE FEIRAS, NO QUE VIAXABAN MESTURADOS OS VECIÑOS, MERCADORÍAS, GALIÑAS, COELLOS... QUE IAN ÁS FEIRAS DE PARGA.

ÁS VECES SUBÍA NA MESMA PARADA O CREGO, QUE AXIÑA RECIBÍA UN TRATO ESPECIAL, E LOGO LLE DABAN UN SITIO PREFERENTE, SE O HABÍA, TAMÉN ÁS MULLERES E OS MAIORES, OS MÁIS ATREVIDOS ENCARAMÁBANSE NA BACA DO AUTO.



O 9 DE SETEMBRO DE 1934 ERA DOMINGO E FEIRA EN PARGA: "FUI POR EL CAMINO DE CASAL CON XACINTO DE RÍO, JESÚS CAMUZA..., BENEDICTO (CON QUIEN FUI HABLANDO). ETC. LUEGO, EN EL CASAL, APARECIÓ D. RAMÓN. SUBIMOS AL COCHE DE RAMALLAL. FUIMOS ARRIBA, YO Y SERAFÍN, CON VARIOS BORREGUILLOS, ALLÍ EN S. SALVADOR SUBIÓ FONTAO AL COCHE. LA CARGA ERA MÁXIMA Y LA MÁQUINA GEMÍA. LLEGAMOS DESPUES DE PASAR UNO SOLO CON BENEDICTO, SEGUIMOS Y ENCONTRAMOS A.."

NAQUELA FEIRA DÍAZ CASTRO, PÚXOSE DIANTE DO RETRATISTA QUE SEMPRE ACUDÍA AQUEL EVENTO




TAMPOUCO PERDÍA AS ROMAXES E FESTAS, IA A PASCUAS Á DA ANUNCIACIÓN DA VIRXE.



"XA SE FINCOU NAS PEREIRAS
A PRIMAVERA. SENTÍN
O VOU-E-NON-VOU DE MARZO.
¡XA NON HAI PIEDADE PRA MIN!

PASOU RISPÁNDOME A QUINA
DUN CABALO QUE NON VIN.
BRANDÉUSE O CEO DE VIDRO
ALÓ POR FONTE-GAFÍN.

CREBÓUSE A PAZ COMA UN FÍO
NOS DENTES FRÍOS DE ABRIL.
PERDIDO NO REMUIÑO,
¡XA NON HAI PIEDADE PRA MIN!

TI, CABELOS DE OURO E DE AIRE,
NENA, ¿EN QUE CEO TE VIN?
...

"REMUIÑO" XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO.


INFLUÍDO POLA FAMILIA DECIDE IR AO SEMINARIO, ANTES VAI A CLASES DE LATÍN Á REITORAL DO BURIZ E CADA ANDAINA MERGÚLLASE NA NATUREZA QUE O ENVOLVE.
"POLOS DÍAS DO CARMIO A FESTA CHEGA Ó RÍO.
UNHA MÚSICA ARDENTE VÉN NO AIRE COMA UN RÍO
DE RECORDOS. FOGUETES LONXANOS CAÍN NO RÍO.
ESTE É O PORTO-MUIÑO, TODO EN LAPAS, O RÍO.
O RÍO ESTÁ DEITADO COMA UN BOI REMOENDO,
E O TEMPO NON SEI QUÉ ANDA RENTE DEL REMEXENDO
AS BÁGOAS DO AMENEIRO CAÍN POLA NOITE ABAIXO,
E FAN CEOS PEQUENOS DE ESTRELAS ALÓ EMBAIXO.
NAS PUNTIÑAS DOS PÉS A FESTA CHEGA Ó RÍO,
E ANÉSGASE, LARPEIRA, Á BEIRIÑA DO RÍO.
DESPOIS VÓLVESE TOLA: BRINCA O RÍO BERRANDO,
E PÉRDESE NOS VIMBIOS E AS XESTEIRAS BEILANDO.
E ACÉNDESE NOS VIDROS DA ALDEA CHEA DE ANOS,
E ERGUE A MOI MEIGA AS PÁLPEBRAS DE ANIMÁS E CRISTIANOS.
CHORA O AMENEIRO EN SOÑOS (Á QUE BEN SE OÍN OS MUIÑOS),
E CHORA POLO TEMPO PERDIDO NOS CAMIÑOS.
¡AI COMO ESTÁ DE BÁGOAS DE NENOS FEITO O RÍO!
ESTE É O PORTO-MUIÑO, TODO EN SOMBRAS O RÍO.
A VIRXE PASA A NAU POLO LOMBO DO RÍO..."
"VÍSPERAS"
A "TERRA SUCADA" REFLICTE OS LABORES DO POETA LABREGO DESDE "FOLLAS VERDES" CRAVA O SACHO DA SÚA CULTURA AGRARIA NA PREPARACIÓN E COIDADO DOS SEUS VERSOS.
NO SEMINARIO ESTUDA E AFECCIÓNASE AO COÑECEMENTO DOS IDIOMAS, ESCRIBE CON IRONÍA E HUMOR VERSOS ADICADOS AOS SEUS COMPAÑEIROS.


A NATUREZA ENVOLVE TODOS OS SEUS ACTOS, COMO CANDO XUNTOU CO SEU IRMÁN SERAFÍN MÁIS DE 200 OVOS DE PAXAROS NUN VERÁN.
OS CALES SELECCIONABAN, SEGUNDO A FAMILIA ORNITOLÓXICA: LAGARTEIRO, BUXATO, PARRULO ETC...
OS ANIMAIS, SOBRE TODO AS AVES, AS PLANTAS, AS PENAS..., TODO O FACÍA VIBRAR E ADICARÍALLES POESÍAS CANDO SÓ TIÑA 12 ANOS, QUE DESPOIS PUBLICARÍA EN EL PROGRESO VILLALBES (1931), COMO "EL MENHIR SOLITARIO" DO MONTE DE SUATORRE.


CANDO TIÑA 15 ANOS (1929) INGRESOU NO SEMINARIO DE MONDOÑEDO, ONDE ESTUDOU SETE ANOS.
ALÍ ALCUMÁRONO "O POETA", SEGUÍU ESCRIBINDO VERSOS, RECOLLIDOS EN DOUS CADERNOS "FOLLAS VERDES" E "FOLLAS Ó AIRE"
CANDO ÍA DE VACACIÓNS RECOLLÍASE NA CHOUSA DA FONTE DEIXÁNDOSE LEVAR POLAS MUSAS, ALÍ DEITADO NA HERBA, COMPOÑÍA VERSOS..., COMO NA VERSIÓN DE "TERRA SUCADA".
"TERRA SUCADA"
¡"TERRA SUCADA", POEMA
DE CEN VERSOS, NA OUTONÍA!
Ó ARDELLA NA CAL, NO ESTREITO
CAMIÑO DE TANTAS VIDAS...
FERVE O GRAU, PULO ENTERRADO
DA ESPRANZA, NENA DORMIDA.
¡TERRA DO CEO ARRINCADA!
CHORA A TERRA DESTERRADA,
TERRA ARADA, NAI PERDIDA.


"A NÓSA CLÁS É A PRIMEIRA:
É UN CONSELLO DE DEZ SABIOS,
CON FINA ESPADA NA LINGUA
I-ETERNA RISA NOS LABIOS.
AQUÍ TEDES A ALBARIÑO
I-A CASTRO PRIETO SENTADOS:
ESTÁN COMENTANDO TODO
CANTO HAI DO CÉIOS PARA BAIXO
CERCA DE DÍAZ PICHÍN
VEREDES A DÍAZ CASTRO:
ESTE OVSERVA E CALA A BOCA,
E PICHIN ESTÁ CALADO.
FERNÁNDEZ XUSTO E MÁIS MURIAS
EQUÍ ESTÁN PARRAFANDO:
DISCUTEN, DÁN-SE BILIZCOS,
E FAN RESONAR O BANCO.
ELÍ DETRÁS PAREXAN
ÓNEGA E GARCÍA MATO:
MATO RISE, RISE E RISE,
I-ÓNEGA DIBUXA UN SAPO.
AXÚNTANSE JOSEIÑO
E RODRÍGUEZ LORIGADOS:
JOSEIÑO EMPEZA UN CONTO,
E LORIGADOS ACABAO.
A NOSA CLÁS É A PRIMEIRA,
I-ESTÁ FEITA DE DEZ SABIOS.
ALBARIÑO EMPEZA A RODA
E DA-LLE FIN LORIGADOS.
A NÓSA CLÁS É A PRIMEIRA;
E NINGUÉN LLE TOCA O SACHO.
¡VIVA A NOSA CLÁS RAPACES!
¡DECIDE VIVA, OU VOS MATO!!"
XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO.
UN DOS SEUS AMIGOS NOS PRIMEIROS TEMPOS DO SEMINARIO É O ESCRITOR AQUILINO IGLESIA ALVARIÑO. O POETA DAS TERRAS DE PARGA DEIXOU ESCRITO: "HABÍA ALGO NAQUEL MOZO QUE A MIN, AINDA RAPACIÑO NOS COMEZOS DA ADOLESCENCIA, ME ATRAGUIA: A SÚA VOZ, O SEU XEITO DE ANDAR, A SÚA INNATA ELEGÁNCIA E AQUELA POESÍA CAMPESTRE E RECENTE.
TEÑO ENTENDIDO QUE CHE GOSTA ESCREBIR POESÍA. ¿POR QUE?
NON O SEI. GÓSTAME DESQUE EMPECEI A LER E ESCREBIR ALGO NA ESCOLA.


ESTE AMIGO DE ABADÍN FALOULLE DOUTROS POETAS DA TERRA CHÁ: NORIEGA VARELA CRECENTE VEGA, XOSÉ CHAO REGO ....
NAS VACACIÓNS PARTICIPOU DA VIDA DOS VILARES E DA COMARCA, PASEANDO COS AMIGOS NAS FEIRAS E FESTAS.
NAS QUE NON FALLABA, O BAILE A RITMO DE ACORDEÓN.
NUNHA DESTAS FEIRAS DA CONCHADA, NA REPÚBLICA, ENZARZOUSE CO MESMO MESTRE DOS VILARES, O ANDALUZ JUSTINO QUERO, QUE RIFABA CO CREGO, PORQUE DESAFIABA CON BANDEIRAS MONÁRQUICAS NA ESPADAÑA DA IGREXA.

O MOZO DE 20 ANOS, XA SEMINARISTA, FIXO GALA DE TODOS OS SEUS RECURSOS RETÓRICOS E MESMO FILOSÓFICOS PARA FACER CALAR AO ENSINANTE DEFENSOR DO IDEARIO REPUBLICANO. O "ESTUDIANTE DO VILARIÑO" COMO O COÑECÍAN NAQUEL INTRE, CREOU FUROR IDEOLÓXICO ENTRE OS VECIÑOS AO DEIXAR DESARMADO E DESAIRADO PUBLICAMENTE AO MESMO MESTRE.













PREPARA O CADERNO "FOLLAS VERDES", CUN SUBTÍTULO: "CANTARES E ROMANCES DE JOSÉ M. DÍAZ CASTRO". VOLTA A PÁXINA, NUN LUGAR PRIVILEXIADO INDICA "FOLLAS VERDES".
FOLLAS VERDES E FOLLAS O AR
SIGUE UN SEGUNDO CADERNO: "FOLLAS Ó AIRE" QUE INCLÚE VERSOS DE 1932 A 1935.
Follas ô aire
COMO ALUMNO DE FILOSOFÍA FAI ADQUISICIÓN DE XORNAIS, REVISTAS, LIBROS... EN INGLÉS, FRANCÉS, ALEMÁN
VAI SER "EL PROGRESO VILLALBÉS" O QUE RECOLLA MÁIS POEMAS DE DÍAZ-CASTRO.
EL PROGRESO VILLALBÉS
OS PRIMEIROS POEMAS IMPRESOS EN GALEGO:
"PASIONARIA" (28-VI-31), "ETERNAMENTE" "PENSAMIENTO", "LEMBRANZAS E SUSPIROS" (6-VIII-31), "CANTARES DE VERANO" (20-VIII-31), "EL MENHIR SOLITARIO" (11-IX-31), "ÁBRELE CORAZÓN" (21-IX-31), "BAIXO CALOR" (14-X-31), "LÁ VOU AMOR" (22-I-32), "SALUTACIÓN", "MIENTRAS DUERMEN LAS COSAS" (23-III-32), "FLOR DE IDILIO" (3-V-32), "AS FORMIGAS" 28-VI-32, "ERA UN CONTIÑO DE FADAS" (28-VII-32) "PENSAMIENTO" (VIII-32)...


XA ESTOUPARA A GUERRA INCIVIL, E XOSÉ DA QUINTA DO 35 É DESTINADO AO CORPO DE SANIDADE MILITAR NA CORUÑA.
BOUNN!!!
EXERCE DE CAMILLEIRO E PRACTICANTE. VAI Á FRONTE DE ASTURIAS ONDE HORRORIZADO SÓ AGUANTA UNHA SEMANA.
OS MESMOS XEFES CONVENCÉRONO DE QUE PODÍA SER MOITO MÁIS ÚTIL POLA SÚA FORMACIÓN COMO SANITARIO NUN CENTRO DE SAÚDE GALEGO E FOI DESTINADO Á CLÍNICA MILITAR DO GRAN HOSPITAL DE PONTEVEDRA, ONDE ESTARÍA DOUS ANOS E MEDIO.
REMATADA A GUERRA, O SEU AMIGO IGLESIA ALVARIÑO, CHÁMAO PARA DAR CLASES NO COLEXIO LEÓN XIII DE VILAGARCÍA DE AROUSA.
COLEGIO LEON XIII
PÁRVULOS, PRIMERA ENSEÑANZA Y ENSEÑANZA MEDIA AUTORIZADO
DIRIGIDO POR
Don Aquilino Iglesia Alvariño


TAMÉN CONVALIDA OS SEUS ESTUDOS ECLESIÁSTICOS, E ACADA O TÍTULO DE BACHAREL EN PONTEVEDRA.
El Rector de la Universidad
declaro Bachiller a D. José maría
Diaz Castro natural de Traspargo
Lugo, de 32 años alumno Instituto
de Pontevedra, en virtud de la suficiencia probada el día 2 de octubre de
1945 le expido este Título autorizado
con el sello Mayor del estudio y
refrendado por su Secretario
El Rector
El Secretario
GÚSTALLE IR AO CINE. UNHA AFECCIÓN QUE TAMÉN ALIMENTARÍA EN MADRID
O COLEXIO LEÓN XIII FORA DIRIXIDO POR XOSÉ NÚNEZ BÚA, FILLO DO SEU FUNDADOR QUE MORREU EXILIADO NA ARXENTINA NO 1980, ESTE CENTRO COMPROMETEUSE CO PAÍS
LEÓN XIII
"CAMINANDO EN LA PAZ Y EN LA ESPESURA
DE LA NOCHE SIN VOZ, BAJO LOS NIDOS,
OIGO EL RUMOR DE TU PRESENCIA PURA;
CREO, SIN VER, TUS OJOS ENCENDIDOS
ACEPTO, ANTES DEL ALBA, TU HERMOSURA"
"MEDIODÍA"
XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO.


ABANDONA VILAGARCÍA NO 1947.
PASA UNS MESES NA CASA DA SÚA INFANCIA NOS VILARES
XABIER ARMADA, SEU AMIGO FORNÉCEO CON DICIONARIOS E GRAMÁTICAS DOUTRAS LINGUAS.
ALEMÁN
DANÉS
RUSO
INGLÉS
HOLANDÉS
FRANCÉS
EUSKARA
GALEGO
NESTES ANOS, AGUILLOADO POR IGLESIA ALVARIÑO ESCRIBE POEMAS E PARTICIPA EN VARIOS CERTAMES FLORAIS.
NO 1946 AOS 32 ANOS GAÑA NO CERTAME DE XOGOS FLORAIS DE BETANZOS.
Fiestas patronales de
Betanzos
Año MCMXLVI
Juegos florales organizados
por el Exmo Ayuntamiento
Primer Premio de honor y Flor por el poema titulado:
EL CÁNTICO DE LA CIUDAD A D. José Mª DÍAZ CASTRO
16 Agosto 1946


EN MADRID BUSCOU UN FUTURO ECONÓMICO, DESPOIS DE PREPARAR UNHAS OPOSICIÓNS NAS QUE QUEDOU SEGUNDO, FOI CHAMADO PARA TRABALLAR COMO TRADUTOR NO MINISTERIO DE GOBERNACIÓN ÁS ORDES DUN CORONEL EN ASUNTOS DE SEGURIDADE E "INTELIXENCIA"
JUEGOS FLORALES DE BETANZOS
AÑO MCMXLVI
D. JOSE Mª DIAZ CASTRO
DIPLOMA
TIVO QUE TRADUCIR SEGREDOS DE ESTADO, FACÍA DE ENLACE CO ESTRANXEIRO, TRADUCINDO TELEGRAMAS, MENSAXES EN CLAVE ....
DEIXA O TRABALLO NO MINISTERIO, E ADÍCASE Á DOCENCIA EN MADRID COMO PROFESOR DE LINGUAS CLÁSICAS E MODERNAS
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTÍFICAS


DURANTE TRES ANOS DESENVOLVEU UNHA ACTIVIDADE DOCENTE. SEMPRE GUSTABA ARRODEARSE DE NENOS E DE ESTUDANTES E BOTAR CON ELES LONGAS PARRAFADAS. SENTÍA NOSTALXIA POLOS TEMPOS DE ENSINO.
Ocean
CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFICAS
NO INSTITUTO DE CULTURA HISPÁNICA TRABALLOU ATA 1966 COMO ENCARGADO DE SERVIZOS DE TRADUCIÓN PARA OS IDIOMAS: FRANCÉS, INGLÉS, ALEMÁN, ITALIANO, PORTUGUÉS, HOLANDÉS E LINGUAS ESCANDINAVAS. RESPECTOU AO MÁXIMO AS VERSIÓNS QUE FACÍA.
"INSTITUTO" DE CULTURA HISPÁNICA
CASOU AOS 40 ANOS, O DÍA 10 DE AGOSTO DE 1954 CON MARÍA TERESA ZUBIZARRETA BENGOECHEA, E TIVO TRES FILLOS: JOSÉ MARI, MAITE E IÑIGO. NO 1944 XA ESCRIBIRA "EL PRIMER HIJO" TODA UNHA LONXANÍA NOSTÁLXICA.


OS BIMBIOS GALEGOS, TAMÉN AXUDARON A TECER AQUEL BERCE NO QUE ESTABA A NACER A FAMILIA DÍAZ ZUBIZARRETA, E ASÍ LEVARON DESDE OS SOUTOS DOS VILARES A MADEIRA PARA CONSTRUÍR OS MOBLES DO NOVO FOGAR.
"¡ AQUÍ CONTRA MI PECHO, BIEN DESNUDO, QUE GIMA Y TIEMBLE Y ENLOQUEZCA EN MI! ¡ESTÁ ARDIENDO MI VIDA COMO EL MUDO DESEO, CON QUE YO LO CONCEBÍ!"
A PESAR DE ESTAR MOI ATAREFADO NA SÚA VIDA COTIÁ ADICABA MOITO TEMPO AOS SEUS FILLOS. GUSTÁBALLE PASEAR CON ELES...
FOI TAMÉN O SEU PRIMEIRO MESTRE. CONTÁBALLES CONTOS E LENDAS DE GALIZA E CANTÁBALLES NENIAS, OS NENOS PERCIBÍAN A TRAVÉS DAS SÚAS PALABRAS O ARRECENDO E A COR DAS PLANTAS. PUDIAS, MOREIRAS...


PARA DÍAZ CASTRO, TRANSMITIR OS SEGREDOS DA NATUREZA E DAS CRIATURAS É DOADO. OS SEUS FILLOS HERGULLÁRONSE NOS MISTERIOS DA VIDA E DA NATUREZA.
TRABALLABA A XORNADA COMPLETA NO INSTITUTO DO FRÍO E ATA A MADRUGADA TRADUCÍA LITERATURA PARA EDITORIAIS.
PUBLICA POEMAS EN REVISTAS COMO "ALBA" E FERNÁNDEZ DEL RIEGO SELECCIÓNAO NA ESCOLMA DE POESÍA GALEGA, UN LIBRO FUNDAMENTAL PARA DAR A COÑECER A POESÍA NAQUEL MOMENTO.
ALBA
HOJAS DE POESIA
Director: Ramón González-Alegre Balgoma
Número 3
GALICIA
Redacción:
Escolma de Poesía Galega
IV
Os Contemporaneos
GALAXIA


NO 1968 ACADA O DIPLOMA DE TRADUTOR DE LINGUA INGLESA NA FACULTADE DE FILOSOFÍA E LETRAS DA UNIVERSIDADE DE MADRID.
PUBLICOU EN "LA NOCHE" VARIOS POEMAS EN CASTELÁN: "MATERNIDADE," "FE", "FERMENTO," "SUSTITUCIÓN"....
LA NOCHE
SEGUE A PUBLICAR EN LA HOJA DEL LUNES DA CORUÑA O SEU "ANECDOTARIO HUMORÍSTICO" PROTAGONIZADO POR UN PAISANO, UN TAL "ANTÓN DO FOXO" E FIRMADO CO PSEUDÓNIMO DE "CASTELO", SON RETALLOS DE HUMOR COA RETRANCA PROPIA DE DÍAZ CASTRO, CON TRAZOS DE HUMOR VAI FIANDO A SÚA FILOSOFÍA MÁIS ELEMENTAL..
HOJA del LUNES
El cántico
Se amotinan los judios del campo de internamiento en Chipre
control de los Dardanelos
O CHISTE:
PREGUNTÁRONLLE A ANTÓN DO FOXO:
-TI QUE MANDAS CHISTES Á "FOLLA DOS LUNS", DIME: ¿CÓMO SE FAI UN CHISTE?
- POIS VERÁS, PENSAS CALQUER COUSA, POR EXEMPLO, UN COCHE.
- MOI BEN ¿ QUE MÁIS?
- O COCHE FAICHE PENSAR NO CHÓFER.
- POIDA QUE SÍ.
- O CHÓFER FAI ANDAR O COCHE.
- CLARO.
- PRA O FACER ANDAR, HAI QUE ENCENDELO.
- SUPOÑO.
- PRA ENCENDELO, FAI FALTA A CHISPA.
- NIN QUE DECIR TÉN.
- AGORA VOLVES ATRÁS, E XUNTAS A CHISPA CO CHÓFER.
- MOI BEN, ¿E QUE PASA?
- ¿CÓMO QUE QUE PASA? O COCHE CAI POR UN BARRANCO E....
- ¿COMO, COMO?
- CLARO, HOME. ¡COMO O CHÓFER LEVABA UNHA CHISPA! ... CASTELO.


NA PRIMAVERA DO 1959 BEN-CHO-SHEY, CONVOCOU DOS POETAS GALEGOS NO CENTRO GALEGO DE MADRID, PARA CELEBRAR A "FESTA DA POESIA" ONDE PARTICIPOU DIAZ CASTRO XOSÉ FERNÁNDEZ FERREIRO, BAUTISTA ÁLVAREZ E OUTROS.
NO 1961 GALAXIA PUBLICA O SEU ÚNICO LIBRO: NIMBOS. ALGÚN CRÍTICO DIXO QUE ERA UN HOME CON MOITO RESPECTO ÁS COUSAS E ÁS CRIATURAS DE DEUS NON ACARIÑADAS.
DIAZ CASTRO
Nimbos
* galaxia *
DON RAMÓN OTERO PEDRAYO ESCRIBIU: "A PURA UNIDADE DO LIBRO SOLO PODE SER REFLEXO DA UNIDADE DUN VIVIRE"
D. RAMÓN OTERO PEDRAYO.


O LIBRO FOI MOI BEN RECIBIDO E ESCRITORES COMA OTERO PEDRAYO, ÁNXEL FOLE, XOSÉ MARÍA ÁLVAREZ BLÁZQUEZ, CUNQUEIRO, ADICARÍANLLE ARTIGOS.
Alvaro Cunqueiro
NON FIXO MÁIS QUE RESCATAR A REALIDADE DA INERCIA E A ESCURIDADE PARA ALUMEALA COA PALABRA AXEITADA, ESA PALABRA TANTAS VECES EMBRUTECIDA E MACHUCADA POR MOITOS MANIPULADORES.
"CREO QUE A POESÍA É UNHA ACTIVIDADE PURAMENTE ARTÍSTICA, QUE CONSTITÚE A FORMA MÁIS PERFECTA DE EXPRESIÓN DOS SERES HUMANOS E AS SÚAS RELACIONS. ISTO IMPLICA SEMPRE BELEZA E EMOCIÓN ESTÉTICA ......"
"SE É QUE O POEMA É SÓ UN NIMBO DE LUS
QUE OS OLLOS CEGOS POÑENLLES ÁS COUSAS
SOÑADAS, OU AMADAS NAS TEEBRAS,
DAS COUSAS QUE XA FORON E SE FORON
PRO SIGUEN SENDO E NON SE VAN XAMÁIS
DAS SOMBRAS QUE XOGANDO COS MEUS OLLOS,
NA MIÑA VIDA EN LUME SE ENXERIRON,
EU DEIXO EIQUÍ OS NIMBOS COMO CINZA
DE ROSAS QUE ONTE ENCHERON DE PERFUME
Ó MUNDO, MORTO XOVE, DALGÚN SOÑO."
NIMBOS
XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO.


"DÍAZ CASTRO É UN EXTRAORDINARIO POETA E QUE DENDE AGORA ESTÁ CHAMADO A FIGURAR NA LÍRICA GALEGA CON TÓDOLOS DEREITOS QUE LLE DÁ A SÚA PECULIARÍSIMA VOZ" ESCRIBIU RAMÓN LUGRÍS EN "LA NOCHE"


"SEN BOTAR MAN DE ELEMENTOS ESPECÍFICOS E CONCRETOS, TRANSPARENTA NOS SEUS POEMAS UNHA TERRA INCONFUNDIBLE, SINGULAR E CONCRETA, E NELES ATOPAMOS SEMPRE UN PAÍS COMO TRASFONDO MÁIS ALÁ DE CADA PALABRA...." XOSÉ LUÍS FRANCO GRANDE.


"PENÉLOPE" É O POEMA MÁIS EDITADO E TRADUCIDO DE DÍAZ CASTRO NO QUE DENUNCIA A PASIVIDADE QUE HAI NO PAÍS, O QUE AXUDOU A REMOVER MOITAS CONCIENCIAS...
PENÉLOPE
"UN PASO ADIANTE E OUTRO ATRÁS, GALIZA,
E A TEA DOS TEUS SOÑOS NON SE MOVE.
A ESPRANZA NOS TEUS OLLOS SE ESPREGUIZA.
ARAN OS BOIS E CHOVE.
UN BRUAR DE NAVÍOS MOI LONXANOS
CHE ESTROLLA O SONO MOL COMA UNHA UVA.
PRO TI ENVOLVESTE EN SÁBADAS DE MIL ANOS,
E EN SONOS VOLVES A ESCOITAR A CHUVA.
TRAGUERÁN OS CAMIÑOS ALGÚN DÍA
A XENTE QUE LEVARON. DEUS É O MESMO.
SUCO VAI, SUCO VEN, ¡XESUS MARÍA!
E TODA COUSA HA DE PAGAR SEU DÉSMO.
DESORBALLANDO OS PRADOS COMA SONO,
O TEMPO VAI DE PARGA A PASTORIZA.
VAISE ENTERRANDO, SUCO A SUCO, O OUTONO.
¡UN PASO ADIANTE E OUTRO ATRÁS, GALIZA!"
XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO.

O PROFESOR ANDRÉS POCIÑA ESCRIBIU SOBRE "PENÉLOPE", "UN DOS MEIRANDES POETAS GALEGOS DESTE SÉCULO. O PORQUÉ, NON SABERÍA DICILO: COMPRENDO APENAS ONDE RESIDEN AS NOTAS DA POÉTICA DE DÍAZ CASTRO, QUE TIRARON DE MIN CON FORZA ARROIADORA E CONFESO POR PENSAR QUE SE ACHAN NESA TEMÁTICA SÚA QUE NOS FIRE O CORPO E A ALMA EN NOITES DE VELA"




FOI NOMEADO "CORRESPONDENTE" DA REAL ACADEMIA GALEGA NA SESIÓN DO 4 DE NOVENBRO DE 1973, XA QUE NON PODÍA SER NUMERARIO POR VIVIR EN MADRID COMO LLE ACONTECERA AO BEN-CHO-SHEY E OUTROS ESCRITORES. PERO A DESIDIA QUE XIRABA ARREDOR DA INSTITUCIÓN PRODUCIRÍALLE UNHA FORTE DECEPCIÓN.
"COMA BRASAS"
¡GALIZA-EN MIN, MEU DEUS, PAN QUE ME DERON,
LEITE E CENTEO E SONO DE LUS-DE AURORA,
LONGA RÚA DE MAR, FOGAR DA TERRA,
E ESTA CRUS QUE NOS MIDE DE ALTO A BAIXO
JOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO.
DÍAZ CASTRO TAMÉN ARTELLA EN MADRID UN POEMARIO EN CASTELÁN: SOMBRAS RADIANTES, QUE A PESAR DAS PRESIÓNS, ENDE XAMAIS QUIXO PUBLICAR.
SOMBRAS RADIANTES
Xose Mª Diaz Castro.
"EDITORIAL NACIONAL. LIBROS DE POESÍA" PUBLICA NO 1982 UNHA NOVA EDICIÓN DE NIMBOS. EN GALEGO E CASTELÁN, CUNHA INTRODUCIÓN DE CARBALLO CALERO.
JOSE MARIA DIAZ CASTRO
NIMBOS
PRESENTACION DE Ricardo Carballo Calero
EDITORIAL NACIONAL LIBROS DE POESIA


NUNHA OCASIÓN DIXO: "O IDIOMA CASTELÁN NON É AXEITADO PARA A EXPRESIÓN DA ALMA GALEGA ...."
XA XUBILADO COMA "TITULADO TÉCNICO" E COORDINADOR DE TRADUTORES DO INSTITUTO DO FRIO, NO CONSELLO SUPERIOR DE INVESTIGACIÓNS CIENTÍFICAS, ASENTOUSE DEFINITIVAMENTE EN GUITIRIZ (1985).
O 9 DE AGOSTO DE 1984, DENTRO DAS ACTIVIDADES DO "AGOSTO CULTURAL" QUE XERMOLOS ORGANIZA TODOS OS ANOS, DÍAZ CASTRO FIXO O ÚNICO RECITAL DE POESÍA NA SÚA TERRA. MANUEL MARÍA CONVERTEUSE NO INESPERADO PRESENTADOR.....
xermolos


ERA A PRIMEIRA VEZ QUE SE "OBSERVABAN COMPETENTEMENTE" COMO ADOITABA A DICIR "O MANUEL"
MANUEL MARÍA
"DESPOIS DO RECITAL FALAMOS CON DÍAZ CASTRO E CON OUTROS AMIGOS DE GUITIRIZ, NO BAR GALBOR, DABA XENIO OLLALO, FUMANDO OS SEUS CELTAS SEN FILTRO E BEBENDO AS SÚAS CUNCAS DE RIBEIRO."
"COMO DEBE SER A SÚA ACTITUDE VITAL LEMBROUNOS A CABANILLAS. ESTÁBAMOS A FALAR CUN HOME E NON CUN LITERATO"
TAMÉN PREPAROU UNHA CONFERENCIA DO CICLO "ENCONTROS VIVOS COS NOSOS ESCRITORES" SOBRE IGLESIA ALVARIÑO E ADICOULLE UN ARTIGO ESPECIAL DA SÚA REVISTA Nº16 "IGLESIA ALVARIÑO NA MIÑA LEMBRANZA".
IGLESIA ALVARIÑO.


O DÍA 29 DE XANEIRO DE 1988 NO SALÓN REXIO DO CÍRCULO DAS ARTES DE LUGO HOMENAXEOUSE A XOSÉ MARÍA DÍAZ CASTRO CO LIBRO DO MESMO TÍTULO PUBLICADO POR XERMOLOS.
HOMENAXE A X. M. DIAZ CASTRO


TAMÉN EN COMPOSTELA, O 25 DE FEBREIRO, NA AULA DE CULTURA DE CAIXA GALICIA O PROFESOR CARBALLO CALERO FALOU SOBRE A POESÍA DE DÍAZ CASTRO
CARBALLO CALERO


Festival
de Pardiñas
da Arte
ARTESANOS
sica Tradicional
MOSTRA DE ARTESANÍA
ESCULTURA, FOTOGRAFÍA,
E CERÁMICA
COS GRUPOS
CARUNCHOS
DE CORUXO
DE PORTUGAL
Agosto


"XOSÉ DÍAZ CASTRO. NIMBOS DE POESÍA" (1987) FOI O PRIMEIRO VIDEO HOMENAXE ADICADO A UN POETA VIVO, PRODUCIDO POR OPHIUSA, CON GUIÓN E DIRECCIÓN DE XULIO XIZ.
NO MES DE XUÑO DE 1991, O DÍA 26, FOI PRESENTADA EN VIGO UNHA NOVA EDICIÓN DE NIMBOS, GALAXIA CONVIDOU PARA ESTE ACONTECEMENTO A FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO E A XESÚS ALONSO MONTERO.
NIMBOS
X. Mª Díaz Castro
DOMBATE
Galaxia
XA NO 1990 COMO REFERENCIA NOS ACTOS CONVOCADOS POR XERMOLOS NO MES DE ABRIL, MENDEZ FERRÍN, ADICOU A SÚA "SEGUNDA FEIRA" FARO DE VIGO (30-IV-1990) A "HOMENAXE A DÍAZ CASTRO" E FÍXOO CON XUÍZO DESTA ROTUNDIDADE: "O MÁIS GRANDE DOS NOSOS POETAS VIVOS E UNHA DAS GRANDES FIGURAS LITERARIAS DE GALICIA DO SÉCULO XX... É UN POETA SECRETO, MESMAMENTE CASE CLANDESTINO" AO REMATE PARTICIPOU NO FESTIVAL DE PARDIÑOS SENTÍNDOSE COMO NA SÚA CASA.


EN 1989 RECIBE VARIOS HOMENAXES EN EUZKADI: O 3 DE FEBREIRO, EN URRETXU ONDE NACERA E MORRERA A SÚA DONA, A ASOCIACIÓN CULTURAL "ROSALÍA DE CASTRO" NO KULTUR ETXEA DE BARAKALDO, DECIDE ADICAR A PRIMEIRA CELEBRACIÓN DAS NOSAS LETRAS A UN ESCRITOR VIVO ADICÁNDOLLO A DÍAZ CASTRO..


O FATO CULTURAL "DANIEL CASTELAO" DE TRINTXERPE DE PASAJES DE SAN PEDRO EN GIPUZKOA, ENTREGALLE UNHA PLACA CONMEMORATIVA.


ESMORGA, ADÍCALLE A PORTADA NO NÚMERO 3 CUNHA CARICATURA TRAZADA POLO SEU PRESIDENTE RAÚL RÍO, E REPRODUCIDOS NO INTERIOR DE DOUS POEMAS DE NIMBOS.


DESPOIS DE VARIOS CAMBIOS DE DATAS DEBIDO ÁS INCIDENCIAS QUE SUFRIU A SÚA SAÚDE E TAMEN A MORTE DA SÚA MULLER, XERMOLOS PUIDO CELEBRAR A HOMENAXE AO POETA QUE TAMÉN FOI A PRESENTACIÓN NA VILA DO LIBRO A X. M. DÍAZ CASTRO, O 21 DE ABRIL DE 1990, COA PRESENZA DE DUCIAS DE ESCRITORES DE GALIZA.
NO MES DE SETEMBRO DE 1990 TIVO QUE SER INGRESADO NO HOSPITAL XERAL E O 2 DE OUTUBRO CON 76 ANOS DEIXOUNOS. FOI SOTERRADO EN GUITIRIZ, O FUNERAL CELEBROUNO ALFONSO BLANCO, COA PRESENZA DE DUCIAS DE ESCRITORES E CREADORES DE GALIZA. AO REMATAR MANUEL MARÍA ADICOULLE UNHA NENIA:
"NENIA PARA XOSÉ Mª DÍAZ CASTRO"
ERES CASTIÑEIRO VENCIDO, DESCANSADO
NA GÁNDARA SEN FIN DE GUITIRIZ,
FORMANDO PARTE DA ESCURA SEÑARDADE
QUE ENVOLVE COMO UN MANTO A TERRA CHÁ,
ESCOITANDO AOS VENTOS VAGAMUNDOS,
OÍNDO CABERCAS, MERLOS, PAXAROLARES
PARA QUE SEXA MENOR O TEU SILENCIO
E O VERSO TEU ACADE A MÚSICA
PRECISA E ESENCIAL DA ETERNIDADE
A TRASCENDENCIA PLENA DA PALABRA.
PERTO QUEDA AÍNDA O SON DA "ADULA",
O RUMOR DAS ONDAS AROUSANAS,
A TOLEMIA ENDIAÑADA DE MADRID....
PRO O QUE AGORA DE VERDADE IMPORTA
É O TERRÓN NATIVO DE OS VILARES,
A MAXIA DO AMOR, A FROL DE URRECHU,
A SEDE DE LUZ QUE XA MATACHE:
A QUE NOS DEIXACHE A NÓS OS TEUS FIDELES,
PARA QUE ELA NOS POSEA E PURIFIQUE
E A BELEZA NOS FIRA XA PARA SEMPRE.
O TEU VERSO ARA EN NÓS, E SEMENTOU
-SUCO VAI, SUCO VEN- FE, HUMILDADE,
FIRMEZA DE ROCHA E DE CARBALLO
COA QUE PODE VIVIR DE TESTA ERGUIDA
NESTES TEMPOS DE TEBRAS E MISERIAS.
NIMBO DE POESÍA, PINGA DE ORBALLO,
TERRA DA TERRA CHÁ, NAI AMOROSA,
NAS NÉBOAS DE GALIZA ÍNSUA PERDIDA.
SABEMOS, POR TI, QUE NON HAI VOLTA:
O TEMPO VAI DE PORGA A PASTORIZA
E A MORTE A QUE TE MATA NON É A TÚA
MANUEL MARÍA.
FIN
XAVIER VARELA